

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE OS PARQUES EÓLICOS PROXECTADOS POLA EMPRESA GREENALIA NOS CONCELLOS DE CARBALLO, CORISTANCO E SANTA COMBA (O CAMPELO, O BUSTELO, MONTE TOURAL) E A LAT O CAMPELO-MESÓN DO VENTO.

Ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico de Funcionamento das Corporacións Locais, os grupos municipais que a subsciben, presentan a seguinte MOCIÓN CONXUNTA, que recolle a proposta presentada pola "Plataforma Eólicos Non Bustelo-Campelo Monte Toural" aos grupos políticos deste Concello no pasado pleno ordinario do mes de setembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño a Consellaría de Economía, Emprego e Industria iniciou a exposición pública os diversos trámites para a autorización de construcción de tres parques eólicos na zona do Campelo, O Bustelo e Monte Toural, que suporían, de levarse a cabo, a instalación de 27 novos aeroxeradores, dos cales 23 irían en solo de Coristanco, 2 no noso concello e 2 en Santa Comba, ademais de toda a rede de viarios, cableados, estacións colectoras e dunha LAT de case 37 km. que daría saída á enerxía producida desde O Campelo ata O Mesón do Vento.

Son varias as razóns expostas en este mesmo salón de sesións:

-Afeccións ambientais: as zonas afectadas contan con alto potencial natural, con especies protexidas e únicas na flora galega como a Centaura Ultreia, con espazos protexidos dentro do ámbito de afección, con espazos naturais de clarísima proxección turística... Este parque eólico alteraría gravemente un entorno natural e paisaxístico de grande valor e potencial futuro.

Destacar tamén a existencia de augas subterráneas e fontes cuxo curso pode ser alterado e que corren risco de contaminación, tal e como se reflicte no proxecto.

A nivel arqueolóxico ese ámbito conta con zonas importantes, na cal foron atopados restos históricos e con elementos que contan cun alto grao de protección como diversas mámoas.

-Afeccións sociais: o ruído constante producido polos aeroxeradores supón unha alteración importante nas poboacións próximas que se acabará traducindo nun progresivo abandono deses núcleos de poboación debido ás implicacións vitais e de saúde que traerá consigo o parque eólico, xa que nalgúns puntos superpóñense os efectos dos tres parques. Ademais, hai que salientar tamén a instalación dunha liña de alta tensión a poucos metros das casas e o paso dos cableados transportadores da enerxía a apenas uns metros de casas.

- Afeccións socioeconómicas: a súa instalación traería importantes afeccións socioeconómicas como a perda do valor do monte e das terras de cultivo, tamén das fincas próximas ao parque e podería provocar a destrución de postos de traballo vinculados á agricultura e ao sector forestal.

Este proxecto é unha fragmentación en tres parques eólicos diferentes, malia que teñen a mesma empresa promotora, están ubicados na mesma zona e comparten infraestrutura (centro colectores de enerxía, cableado...). Segundo diversa xurisprudencia ao respecto, poderíamos estar ante un único parque que é fragmentando en tres para poder ser tramitado pola lexislación autonómica, máis laxa e rápida aos intereses da empresa en detrimento dos posibles intereses da veciñanza, en vez da lexislación no estado regulada polo Ministerio de Industria.

Polo tanto, aínda que non estamos en contra da enerxía eólica en si, non podemos apoiar un proxecto para crear máis enerxía cando este só vai traer un impacto negativo para a nosa zona e para a xente que nela vive, tendo en conta ademais que Galicia, a pesar de ser unha comunidade excedentaria na producción de enerxía eólica, é das que máis cara paga a factura da electricidade e a que vai soportar, a través dos usuarios, a maior carga económica en compensación das grandes eléctricas.

Tendo en conta o exposto solicitamos que a Corporación do Concello de Carballo adopte o seguinte ACORDO:

- 1. O pleno da corporación insta á Xunta de Galicia a realizar os informes pertinentes e avaliar en profundidade as afectacións que para a veciñanza poidan provocar a instalación dos parques: proxecto sectorial, declaración de impacto ambiental e declaración de utilidade pública relativa aos parques eólicos de Campelo, O Bustelo e Monte Tournal e tamén as relativas á LAT (Liña de Alta Tensión) O Campelo-Meson do Vento.**
- 2. O Pleno municipal solicita ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo que emita un informe sobre o desenvolvemento, situación e consecuencias dos citados parques eólicos proxectados, e si estes son un único Parque Eólico fragmentado en tres, ou se se trata de tres parques independentes.**

Carballo, 23 de outubro de 2018

